

## AVISO LEGAL

### LEI DE SERVIZOS DA SOCIEDADE DA INFORMACIÓN E COMERCIO ELECTRÓNICO

En cumprimento da Lei 34/2002, de 11 de xullo, de Servizos da sociedade da información e do comercio electrónico, artigo 10, dáse a coñecer a seguinte Información Xeral:

Que o dominio [www.agaca.coop](http://www.agaca.coop) a partir de agora sitio web está rexistrado a nome de UNION DE COOPERATIVAS ASOCIACION GALEGA DE COOPERATIVAS AGRARIAS AGACA, en adiante O TITULAR

#### **Datos do propietario do sitio web**

NOME OU RAZÓN SOCIAL: UNIÓN DE COOPERATIVAS ASOCIACIÓN GALEGA DE COOPERATIVAS AGRARIAS AGACA

CIF: F15156557

ENDEREZO: Rúa TOMIÑO Nº 22 entlo

C.P.:15703

LOCALIDADE: SANTIAGO DE COMPOSTELA

PROVINCIA: A CORUÑA

PAIS: ESPAÑA

#### **Datos de rexistro:**

Inscrita co nº 5, no Libro de Uniones de Sociedades Cooperativas, Registro Central de Cooperativas, Santiago de Compostela.

## CONDICIÓN DE USO

De conformidade coa LEI DE SERVIZOS DA SOCIEDADE DA INFORMACIÓN 34/2002, o/a usuario/a accede a recibir comunicacións de forma periódica no seu correo electrónico. Se desexa deixar de recibir comunicacións electrónicas de contido comercial e/ou informativo deberá comunicalo mediante correo electrónico dirixido a [derechoslopd@agaca.coop](mailto:derechoslopd@agaca.coop) para que a súa petición sexa activada nun prazo máximo de 10 días.

### I.- USUARIOS/AS:

O acceso a e/ou uso do sitio web de [www.agaca.coop](http://www.agaca.coop) atribúe a quen o realiza a condición de usuario/a, aceptando, dende ese mesmo momento, plenamente e sen reserva algunha, as presentes condicións xerais, así como as condicións particulares que, no seu caso, complementen, modifiquen ou substitúan as condicións xerais en relación con determinados servizos e contidos do sitio web.

### II.- USO DO SITIO WEB, OS SEUS SERVIZOS E CONTIDOS:

O/a usuario/a comprométese a utilizar o sitio web e os seus servizos e contidos sen contravir a lexislación vixente, a boa fe, os usos xeralmente aceptados e a orde pública.

Así mesmo, queda prohibido o uso do sitio web con fins ilícitos ou lesivos contra O TITULAR ou calquera terceiro/a, ou que, de calquera forma, poidan causar prexuízo ou impedir o normal funcionamento do sitio Web.

Respecto dos contidos (informacións, textos, gráficos, arquivos de son e/ou imaxe, fotografías, deseños etc.), prohibese:

A súa reprodución, distribución ou modificación, a menos que se conte coa autorización dos/as seus/súas lexítimos/as titulares ou resulte legalmente permitido.

Calquera vulneración dos dereitos do TITULAR ou dos/as seus/súas lexítimos/as titulares sobre os mesmos.

A súa utilización para todo tipo de fins comerciais ou publicitarios, distintos dos estritamente permitidos.

Calquera intento de obter os contidos do sitio web por calquera medio distinto dos que se poñan a disposición dos/as usuarios/as así como dos que habitualmente se empreguen na Rede.

### III.- MODIFICACIÓN UNILATERAL:

O TITULAR poderá modificar unilateralmente e sen previo aviso, sempre que o considere oportuno, a estrutura e deseño do sitio web, así como modificar ou eliminar, os servizos, os contidos e as condicións de acceso e/ou uso do sitio Web.

#### IV.- HIPERLIGAZÓNS:

O establecemento de calquera “hiperligazón” entre unha páxina web e o sitio Web estará sometido ás seguintes condicións:

- Non se permite a reprodución nin total nin parcial de ningún dos servizos nin contidos do sitio Web.
- Salvo consentimento previo e expreso, a páxina web na que se estableza a “hiperligazón” non conterá ningunha marca, nome comercial, rótulo de establecemento, denominación, logotipo, slogan ou outros signos distintivos pertencentes ao TITULAR.
- Baixo ningunha circunstancia, O TITULAR será responsable dos contidos ou servizos postos a disposición do público na páxina web desde a que se realice a “hiperligazón” nin das informacións e manifestacións incluídas nas mesmas.

#### V. EXCLUSIÓN DE GARANTÍAS E RESPONSABILIDADE:

O TITULAR non outorga ningunha garantía nin se fai responsable, en ningún caso, de danos e prexuízos de calquera natureza que puideran ser consecuencia de:

- A falta de dispoñibilidade, mantemento e efectivo funcionamento do sitio Web e/ou dos seus servizos ou contidos.
- A falta de utilidade, adecuación ou validez do sitio Web e/ou dos seus servizos ou contidos para satisfacer necesidades, actividades ou resultados concretos ou expectativas dos usuarios.
- A existencia de virus, programas maliciosos ou lesivos nos contidos.
- A recepción, obtención, almacenamento, difusión ou transmisión, por parte dos/as usuarios/as, dos contidos.
- O uso ilícito, negligente, fraudulento, contrario ás presentes Condicións Xerais, á boa fe, aos usos xeralmente aceptados ou á orde pública, do sitio web, os seus servizos ou contidos, por parte dos/as usuarios/as.
- A falta de licitude, calidade, fiabilidade, utilidade e dispoñibilidade dos servizos prestados por terceiros/as e postos a disposición dos/as usuarios/as no sitio Web.
- O incumprimento por parte de terceiros/as das súas obrigacións ou compromisos en relación cos servizos prestados aos usuarios/as a través do sitio web.

#### VI. DURACIÓN:

A duración da prestación do servizo do sitio Web e dos servizos é de carácter indefinido.

Sen prexuízo do anterior, O TITULAR resérvase o dereito para interromper, suspender ou terminar a prestación do servizo do Web ou de calquera dos servizos que o integran, nos mesmos termos que se recollen na condición terceira.

## VII. PROPIEDAD INTELECTUAL:

Para os efectos de preservar os posibles dereitos de propiedade intelectual, no caso de que calquera usuario/a ou un/ha terceiro/para considere que se produciu unha violación dos seus lexítimos dereitos pola introdución dun determinado contido no Web, deberá notificar dita circunstancia a [derechoslopd@agaca.coop](mailto:derechoslopd@agaca.coop) indicando:

- Datos persoais da persoa interesada titular dos dereitos presuntamente infrinxidos. Se a reclamación a presenta un/ha terceiro/a distinto/a da persoa interesada, deberá indicar a representación coa que actúa.
- Indicación dos contidos protexidos polos dereitos de propiedade intelectual e a súa localización no Web.
- Acreditación dos citados dereitos de propiedade intelectual.
- Declaración expresa na que o/a interesado/a se responsabiliza da veracidade das informacións facilitadas na notificación.

As marcas AGACA e COOPERACIÓN GALEGA e as correspondentes marcas gráficas son marcas rexistradas e queda prohibida a súa reprodución ou uso sen a autorización do seu titular.

A lexitimidade dos dereitos de propiedade intelectual ou industrial correspondentes aos contidos achegados por terceiros/as é da exclusiva responsabilidade dos/as mesmos/as.

## VIII. LEXISLACIÓN APLICABLE E XURISDICIÓN:

As presentes Condicións Xerais rexeranse pola lexislación española. UNIÓN DE COOPERATIVAS ASOCIACIÓN GALEGA DE COOPERATIVAS AGRARIAS AGACA e o/a usuario/a, con renuncia expresa a calquera outro foro que puidese corresponderlles, sométense á Xurisdición dos Xulgados e Tribunais do domicilio do/a usuario/a para cantas cuestións puidesen suscitarse ou accións exercitarse derivadas da prestación do servizo do Web e dos seus servizos e contidos e sobre a interpretación, aplicación, cumprimento ou incumprimento do aquí establecido.

No caso de que o/a Usuario/a teña o seu domicilio fóra de España, UNIÓN DE COOPERATIVAS ASOCIACIÓN GALEGA DE COOPERATIVAS AGRARIAS AGACA e o/a Usuario/a, con renuncia expresa a calquera outro foro que puidese corresponderlles, sométense á Xurisdición dos Xulgados e Tribunais de SANTIAGO DE COMPOSTELA.

## USO DE COOKIES

### I. UTILIZACIÓN DE COOKIES:

agaca.coop utiliza Cookies. As Cookies son ficheiros enviados a un navegador por medio dun servidor web para rexistrar as actividades do/a Usuario/a nunha web determinada ou en todas as webs, apps e/ou servizos das Webs de agaca.coop (en diante, os Servizos).

A primeira finalidade das Cookies é a de facilitar ao/á Usuario/a un acceso máis rápido aos Servizos seleccionados. Ademais, as Cookies personalizan os Servizos que ofrece a Web agaca.coop, facilitando e ofrecendo a cada Usuario/a información que é do seu interese ou que pode ser do seu interese, en atención ao uso que realiza dos Servizos.

As Cookies úsanse para personalizar e facilitar ao máximo a navegación do/a Usuario/a. As Cookies asóciense unicamente a un/ha Usuario/a anónimo/a e o seu computador e non proporcionan referencias que permitan deducir datos persoais do/a Usuario/a.

O/A Usuario/a poderá configurar o seu navegador para que notifique e rexeite a instalación das Cookies, sen que iso prexudique a posibilidade do/a Usuario/a de acceder aos Contidos. Con todo, facemos notar que, en todo caso, a calidade de funcionamento da páxina Web pode diminuír.

### II. TIPOLOXÍA, FINALIDADE E FUNCIONAMENTO DAS COOKIES:

As Cookies, en función da súa permanencia, poden dividirse en Cookies de sesión ou permanentes. As primeiras expiran cando o/a Usuario/a pecha o navegador. As segundas expiran en función de cando se cumpra o obxectivo para o que serven (por exemplo, para que o/a Usuario/a se manteña identificado/a nos Servizos de agaca.coop) ou ben cando se borran manualmente.

Adicionalmente, en función do seu obxectivo, as Cookies poden clasificarse da seguinte forma:

- **COOKIES DE RENDEMENTO:** Este tipo de Cookie lembra as súas preferencias para as ferramentas que se atopan nos Servizos, polo que non ten que volver configurar o servizo cada vez que vostede visita.

- **COOKIES DE ANALÍTICAS:** Cada vez que un/ha Usuario/a visita a web, xera unha Cookie analítica no computador do/a Usuario/a. Esta Cookie, que só se xera na visita, servirá en próximas visitas aos Servizos de agaca.coop para identificar de forma anónima ao/á visitante. Os obxectivos principais que se perseguen son:

A contabilización aproximada do número de visitantes e a súa tendencia no tempo. Identificar de forma anónima os contidos máis visitados e por tanto máis atractivos para os/as Usuarios/as. Saber se o/a Usuario/a que está a acceder é novo/a ou repite visita.

Este ficheiro estará destinado unicamente a proporcionar os servizos da páxina e á recompilación de datos anónimos estatísticos, sen ningún outro obxectivo máis que

este. O/A Usuario/a acepta e consente que no momento de utilizar a presente páxina Web unha Cookie será almacenada no seu computador en caso de ser necesario.

## RESPONSABILIDADES

### I. EXENCIÓN DE RESPONSABILIDADE:

O TITULAR non se fai responsable do contido das páxinas web ás que os/as USUARIOS/USUARIAS acceden a través do servizo de Buscador, así como calquera contido publicado polos/as seus/súas USUARIOS/AS facendo uso do resto de servizos aquí descritos, e en especial do uso que os/as seus/súas USUARIOS/AS fagan que sexan contrarios á lei, á moral e á orde pública, que infrinxan dereitos de propiedade intelectual, industrial ou conteñan calquera vicio, defecto, virus informático ou rutina de software similar.

O TITULAR non se responsabiliza polos danos e prexuízos de toda natureza que se deban a:

1. Dada a gratuidade dos servizos ofrecidos polo sitio web, a falta de dispoñibilidade e continuidade polo funcionamento, utilidade e fiabilidade dos Servizos e do SITIO WEB.
2. A alteración da privacidade e seguridade na utilización e contidos do SITIO WEB e dos servizos por terceiros/as alleos/as aos mesmos de acordo co réxime legal vixente.
3. A presenza de virus ou á presenza doutros elementos falsos nos servizos ofrecidos por terceiros/as a través do SITIO WEB que poidan producir alteracións no sistema informático, documentos electrónicos ou ficheiros dos usuarios.
4. A falta de veracidade, fiabilidade e utilidade dos contidos dos servizos ofrecidos por terceiros/as a través do mesmo.
5. A falta de licitude, fiabilidade e utilidade dos contidos dos servizos ofrecidos por terceiros/as a través do mesmo.
6. A utilización dos Servizos, do SITIO WEB e os contidos polos/as USUARIOS/AS.
7. A información, contidos e servizos aloxados fóra do SITIO WEB, aínda que fosen accesibles desde este.
8. A falta de dispoñibilidade e continuidade polo funcionamento, utilidade e fiabilidade dos Servizos e do SITIO WEB de terceiros/as colaboradores/as do TITULAR.

## ALTA NOS SERVIZOS DE SUBSCRICIÓN

### I. ALTA DE USUARIO:

Para o procedemento de alta nos SERVIZOS gratuítos ofrecidos por UNIÓN DE COOPERATIVAS ASOCIACIÓN GALEGA DE COOPERATIVAS AGRARIAS AGACA no seu SITIO WEB, que requiran subscrición, será necesaria a recompilación de datos persoais que o/a USUARIO/A facilitará libre e voluntariamente e que se fará efectiva no Formulario de Subscrición, a cuxos efectos declara que toda a información proporcionada á hora de rexistrarse é veraz, completa e precisa. Toda a información dos seus datos persoais será tratada de conformidade ao estipulado no presente apartado e á Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro de 1999, de Protección de Datos de Carácter Persoal.

No caso de que sexa necesaria a cesión dos datos de carácter persoal da persoa USUARIA por parte de UNIÓN DE COOPERATIVAS ASOCIACIÓN GALEGA DE COOPERATIVAS AGRARIAS AGACA a terceiros/as, advertirá e solicitará á persoa USUARIA previa e expresamente da cesión, indicando a identidade do/a cesionario/a e a finalidade da cesión.

En todo caso, revelaranse os datos dos/as USUARIOS/USUARIAS por requirimento das autoridades administrativas competentes ou por mandado xudicial.

A persoa USUARIA declara que todos e cada un dos datos e informacións achegados son correctos, e que coñece e acepta na súa integridade as CONDICIÓNNS que rexerán a partir da contratación as súas relacións con UNIÓN DE COOPERATIVAS ASOCIACIÓN GALEGA DE COOPERATIVAS AGRARIAS AGACA. O/a USUARIO/A debe aceptar as CONDICIÓNNS para iniciar o proceso de rexistro.

### II. CLAVES DE USUARIO:

A persoa USUARIA elixirá e indicará as súas propias Claves de Acceso (nome de usuario/a e contrasinal), non podendo elixir como nome de usuario/a palabras, expresións ou conxuntos gráfico-denominativos malsoantes, inxuriosos, coincidentes con marcas, nomes comerciais, rótulos de establecementos, denominacións sociais, expresións publicitarias, nomes e pseudónimos de personaxes de relevancia pública ou famosos/as para cuxa utilización non estea autorizado/a e, en xeral, contrarios á lei ou ás esixencias da moral e bos costumes xeralmente aceptados.

A asignación do nome de usuario/a prodúcese de maneira automática previa elección da persoa USUARIA. No caso de que estas claves solicitadas estean reservadas, o/a USUARIO/A deberá de introducir unhas novas claves de acceso.

O/a USUARIO/A comprométese a facer un uso dilixente das Claves de Acceso, a non poñelas a disposición de terceiras persoas, e a comunicar a UNIÓN DE COOPERATIVAS ASOCIACIÓN GALEGA DE COOPERATIVAS AGRARIAS AGACA a perda ou roubo das Claves de Acceso e o posible acceso por un/ha terceiro/á as mesmas.

### III. BAIXA DE COMUNICACIÓNS COMERCIAIS:

De conformidade co establecido na Lei 34/2002 do 11 de xullo, de Servizos da Sociedade da Información e do Comercio Electrónico, e na Directiva 2002/58/CE, comunicámoslle que, no caso de que non desexe recibir comunicacións e informacións de índole comercial mediante este sistema de comunicación electrónica, no lo indique mediante un correo dirixido a [derechoslopd@agaca.coop](mailto:derechoslopd@agaca.coop) indicando “BAIXA COMUNICACIÓNS COMERCIAIS” no asunto para que os seus datos persoais sexan dados de baixa da nosa base de datos. Tamén pode utilizar os medios de baixa de listas comerciais que nalgún caso se habilitan na comunicación.

A súa solicitude será accionada nun prazo de 10 días desde o seu envío. No caso de que non recibamos contestación expresa pola súa banda, entenderemos que acepta e autoriza que a nosa empresa siga realizando as referidas comunicacións.